

A verdade como mal menor, de Xosé Luís Martínez Pereiro, é o título dun conxunto de cuarenta e cinco relatos co que venceu o Premio Repsol 2008. Textos que pretenden unha focaxe tanxencial sobre o mundo, non só polo que supón arrimarse aos xéneros burlescos, nunca actitude proclive á sátira, a escatoloxía ou á obscenidade. Falo da pretensión de mostrar as posturas menos usadas polo cerebro, aquelas que lle permitirán pensar dun outro modo. Algo así como facermos ioga co pensamento, na procura dunha nova perspectiva: a postura do arado, por exemplo, mais non afectando á nosa columna vertebral, senón facendo dobrar o noso modo de pensar sobre si mesmo. Un afán libertario que na literatura galega surxe talvez por primeira vez.

Palabras de ALFREDO FERREIRO aparecidas en Algunhas recomendacións estivais, Blog **O levantador de minas**

31 de xullo de 2009